

Heine e Rosalía

Manuel Xosé Neira

Son xa importantes os estudos sociolóxicos sobre Rosalía de Castro; máis ben deficientes as análises completas da súa obra, de importancia capital. Son abundantes os estudos sobre a nosa autora en universidades estranxeiras e no interior, moitas as escolmas e os estudos monográficos pero, se cadra, deficientemente ordenados como corpus, cousa que se fai necesaria. Que eu saiba poucos autores analizaron a súa obra de forma contrastiva con outros espacios literarios da época, a súa posta en relación coa literatura do momento. Neste senso está por facer un estudio analítico da literatura alemana (a importante obra baladista de Heine nacida ao amparo das reivindicacións da canción popular) en relación co noso desenvolvemento literario moderno. Tendeuse a unha máis sostida análise dos aspectos sociolóxicos de Rosalía por dous motivos: entre nós seguía a triunfar a vella escola de historiadores clásicos, derivados do humanismo cristián e non (precisamente) da moderna corrente da ciencia historiográfica instaurada polo prusiano Leopold von Ranke, o avó materno do novelista Robert Graves e, doutra banda, por considerarmos a Rosalía antes de nada un obxecto permanente de estudio psico-histórico, sociolóxico,...

Semella deficiente (en todo caso non establecida e non divulgada con prolixidade) esa análise da literatura alemana contemporánea que arranca, ao meu ver, precisamente de Heinrich Heine, cunha importante obra baladística, tan popular, os chamados «lieder», e non só en relación a Rosalía senón a todo o desenvolvemento da mellor literatura tardo-romántica española. Como sabemos a mellor literatura española nace ben das «heterodoxias» internas representadas estas sobranceiramente por Gustavo Adolfo Bécquer, ben das heterodoxias nacionais das literaturas periféricas.

Como introito cabe afirmar que, en liñas xerais, a lírica española descendía por vía directa dun grande clásico: Garcilaso de la Vega, bebedor que foi nas fontes da lírica renacentista italiana. As iniciais aperturas estilístico-formais (nomeadamente métricas) dun Boscán que conecta en 1526 en Granada (todo un símbolo) co embaixador Navagero, e do seu discípulo avantaxado Garcilaso convertéronse, andando o tempo, en estériles estereotipos. Agás na singular personalidade social

dun Quevedo e dalgúns outros autores, esa unilateralidade na valoración e seguimento garcilasista ao meu xuízo foi negativo en xeral. Lémbrese que á altura dos anos 40, anos corenta deste século, unha das revistas oficiais do franquismo chamábase precisamente *Garcilaso*. Boscán sabe ben a onde vai beber: ás fontes máis rebordantes da época, á lírica renacentista italiana. O tempo ensinounos que, con ser esta unha contribución fundamental, non podía ser a única, obviamente. Canto máis para unha realidade plural das culturas que hoxe forman o Estado. Tería, pois, que chegar Heine a través de Eulogio Florentino Sanz, ademais de peneirado a través dalgún autor francés, para que o que hoxe é o Estado botase a andar, literaria e non tan literariamente. E terían de chegar a nosa Rosalía de Castro e Bécquer, desde ben distantes puntos da xeografía literaria (polos volumes propiedade de Rosalía parece que Bécquer chega a coñecer en Madrid ao alemán) a renovar o escenario. Son, precisamente, dúas zonas tradicionalmente deprimidas as que apuntan e se apuntan á renovación e as que dese xeito a reclaman: Galicia e a Andalucía occidental.

De maneira que chega Heine cos «lieder's», co seu libro de sinxelas «cancións», baladas, a encher a poesía española de plurais ansias nacionais, de modernidade, finos e vagos nocturnos, «rimas» e «cantares» onde o propio reiseñor esfolia e seu canto simbólico entre a enramada de tilleira xermánica. O vate introductor de Heine en España foi un moi esquecido Eulogio Florentino Sanz en detrimento e confrontación aberta dun obsoleto (por realista e bucolizante, outravolta o realismo bucolizante español) Núñez de Arce quen cualifica a poesía de Heine xustamente de «suspirillos germánicos y vuelos de gallina». ¡Como ven, toda unha sentencia e cualificación de orde crítico! O asturiano Campoamor e o espírito montesía de Núñez de Arce estaban, claramente, na onda da poesía feita a canonazos. Estraña mestura a deles (altisonantes trompetas nacionais españolas e campestre bucolismo). Claro que non é estraño que estes autores non atinxiran o senso renovador do alemán cando dous dos mellores críticos da época como son os novelistas don Juan Valera e Leopoldo Alas «Clarín», finos críticos ambos, non chegaran a comprender o espírito heineano. Rosalía e Bécquer (fíxense que en Bécquer permanecían ecos garcilasistas moi visibles) levaban razón, isto é, teñen aínda vixencia case plena nun proceso de modernidade ou contemporaneidade sen concluír, aínda aberto. Unha cousa aquí parece o máis ou menos inflado universo cultural español e outra distinta a posible exportabilidade do fenómeno cultural.

O influxo de Heine parece (sen realizarmos unha análise exhaustiva) absoluto en Rosalía: ritmos e cadencias prosódicas, o aspecto formal da canción popular, contidos –mellor se cadra, ambientación dos aspectos do contido–, a trabazón e asimilación dos elementos compositivos, a elementalidade esencial, isto é, ausencia de calquera barroquismo formal e compositivo que non sexa esa especie de «leixaprén» rítmico. O influxo de Heine chega, mesmo, a esas isotopías ou símbolos miúdos tan propios da mellor lírica do XIX: «o reiseñor», «a tilleira cósmica», «o cabaleiro», «o cisne», «a amada», todo nunha superficie mol de ondas, bosque outonal, casas misteriosas, lúas nocturnas, flores, doncelas, a sempiterna «vaga bruma» (Barbey d'Aurevilly di de Heine que é o poeta da Sensación, da Dúbida e da Impresión persoal)).

Os textos da poetisa galega –casteláns e galegos– en opinión de Díez-Canedò, son máis heineanos que as do mesmo Bécquer. «Hai neles un fondo de amargura e un

acento de sarcasmo que soen faltar no autor das *Rimas*. Así, chegados á soleira da poesía contemporánea –que tan lonxe parece estar de Heine– cabe subliñar cómo o espírito do poeta nórdico pasa docemente polos sutís poemas, exquisitos, de Juan Ramón Jiménez, chegando en feble eco ata o propio don Antonio Machado, sen esquecer fíos hipotéticos de influencia no Valle-Inclán lírico e no denso e metafísico Unamuno mesmamente. Isto é, en toda a renovación lírica do Estado. Heine vai no mellor de toda a poesía moderna. Toda ela é debedora en alto grao do xenio de Heine.

A este respecto: ¿onde está a correlación nos estudos, superadores das importantes pero xa clásicas contribucións dun Bouza Brei, dun Carballo Calero? ¿Onde, mesmo, traducións con sentido de ultimidade contemporánea? A lamentación é dobre xa que o señor Heinrich, como Rosalía, non é ningún autor cultista como vimos de ver, senón, como Rosalía, un ser que eu chamaría identificador das respectivas colectividades sociais, escribindo ao nivel mesmo da alma popular, dándolle ao vocábulo (lonxe de calquera manipulación demagóxica ou de calquera complexo negativo) o seu valor máis alto e claro. En palabras de Arcadio López-Casanova teríamos como punto de partida, certamente, unha reacción fronte ao exhibicionismo romántico e sentimental do «eu», a grandilocuencia, a altisonante musicalidade, etc. Esa reacción queda logo perfilada en dúas liñas ou correntes: unha, a do prosaísmo de Campoamor ou o alegorismo filosófico-moral de Núñez de Arce; outra a que Bécquer definirá como «natural, breve, seca (...) que fere o sentimento cunha palabra e foxe (...) desembarazada dentro dunha forma libre (...)». Esta segunda, a que nos interesa e na que vibra o temple anímico rosaliano, vaise conformando nas décadas do 50 e 60 dentro do que Dámaso deu en chamar «ambiente pre-becqueriano». De feito, tal liña lírica é o resultado ou síntese harmónica de dúas forzas poéticas: a popular española –revitalización do «cantar»–, e a alemana (adaptación do «*lied*» e influencia, sobre todo, de Heine, ademais da de Goethe). Concluimos este breve percorrido coas certas palabras do mestre Dámaso: «Esos suspirillos («los suspirillos germánicos» a los que aludió Núñez de Arce), en su fórmula más intensa, se llamaron Gustavo Adolfo Bécquer y Rosalía de Castro. Hoy representan, entre todo el siglo XIX, la poesía que sentimos mejor y la que más próxima sentimos a nuestras necesidades expresivas. Sólo hoy, después de una serie de trabajos y valoraciones de varios investigadores y críticos (...) vemos, cómo, entroncada por un lado en la poesía de Heine, y por otro en la idea romántica de la poesía popular, se forma desde mediados del siglo XIX toda una línea de lírica que ha pasado del estruendo y el arrebato románticos al tono menor, de la desesperación a la suave melancolía, de los atropellos y alocadas competencias de ritmos y rimas (...) a una modestia rítmica que prefiere el asonante, con una expresividad nueva que sabe del valor de lo indeciso, del tembloroso matiz».

Coido que, en efecto, con estes autores mentados comeza a modernidade entre nós, camiños aínda non de todo explorados; período aínda non concluído, a modernidade en suma.

Manuel Xosé Neira
Escritor. Lugo

Bibliografía

Heine, *Libro de canciones*, prólogo de Luís Guarner: «Heine en España», Madrid: Aguilar, 1960.

Castro, Rosalía de, *Antología poética*, edición de Arcadio López-Casanova, Editorial Alhambra, 1985.

———, *Cantares Gallegos*, limiar de Bouza Brei, Vigo: Galaxia.

Carballo Calero, Ricardo, *Estudios rosalianos*, Vigo: Galaxia, 1979.